

Contribución ao coñecemento da coroloxía ibérica de *Prionychus fairmairii* (Reiche, 1860) (Coleoptera, Tenebrionidae, Alleculinae)

Contribution to current knowledge of the chorology on the Iberian peninsula of *Prionychus fairmairii* (Reiche, 1860) (Coleoptera, Tenebrionidae, Alleculinae)

TORRELLA-ALLEGUE, L.P.¹, MARÍN-LACOMBA, I. & ROMERO-RODRÍGUEZ, B.

¹pablоторrella@gmail.com

Este artigo recibeuse o 14-VIII-15, aceptado o 27-IX-15 e publicado electronicamente o 30-IX-15

This paper was submitted 14-VIII-15, accepted 27-IX-14, and electronically published 30-IX-15

RESUMO / ABSTRACT

Cítase o por primeira vez para Galicia *Prionychus fairmairii* a partir de exemplares capturados no Museo da SGHN.

The first recorded findings in Galicia of *Prionychus fairmairii* after specimens were captured at the SGHN Museum.

PALABRAS CLAVE / KEY WORDS

Prionychus fairmairii, coroloxía ibérica, primeira cita, Galicia, Museo da SGHN.

Prionychus fairmairii, iberian corology, first record, Galicia, SGHN Museum

INTRODUCCIÓN

Na Península Ibérica a subfamilia Alleculinae aparece representada por 12 xéneros e 33 especies (NOVÁK & PETTERSSON, 2008). Os mesmos autores sinalan que o xénero *Prionychus* Solier, 1835 conta en Europa con 6 especies e non mencionan ningunha delas no ámbito ibérico, a pesar de ter sido previamente localizadas as especies *P. fairmairii* (Reiche, 1860), *P. melanarius* (Germar, 1803) e *P. ater* (Fabricius, 1775) en diferentes provincias de España e Portugal (FUENTE, 1933, 1934; MURRIA BELTRÁN & MURRIA BELTRÁN, 2001). En traballos algo máis recentes sobre a coroloxía deste xénero, os seus

INTRODUCTION

On the Iberian Peninsula, the Alleculinae subfamily is represented by 12 genera and 33 species (NOVÁK & PETTERSSON, 2008). The aforementioned authors state that the *Prionychus* genus Solier, 1835 consists of 6 species in Europe but they do not place any of them on the Iberian Peninsula despite the species *P. fairmairii* (Reiche, 1860), *P. melanarius* (Germar, 1803) and *P. ater* (Fabricius, 1775) having been found previously in different provinces of Spain and Portugal (FUENTE, 1933, 1934; MURRIA BELTRÁN & MURRIA BELTRÁN, 2001). In more recent studies of the chorology of this

correspondentes autores fan un estudo máis detallado sobre a súa distribución na Península Ibérica e Marrocos (SÁEZ BOLAÑO *et al.*, 2010), país este último, para o que aportaron novos rexistros.

Con respecto á especie que nos ocupa, podemos dicir que *P. fairmairii*, é de presenza coñecida en Francia, Italia, España e Marrocos (BLANCO VILLERO & SÁEZ BOLAÑO, 2011) e, sen embargo, as súas localizacións ibéricas son polo de agora moi escasas: Albacete, Badajoz, Cádiz, Ciudad Real, Cuenca, Guadalajara, Huesca, Jaén, Toledo e Bizkaia (SAEZ BOLAÑO *et al.* 2010). Con respecto a Portugal, tan só atopamos unha referencia bibliográfica antiga de Mangualde (Viseu, Dão-Lafões) (FUENTE, 1933).

Ao igual que o resto das especies deste xénero, *P. fairmairii* destaca pola súa interesante ecoloxía saproxilófaga (PAGOLA CARTE, 2008) ao alimentarse do humus presente nas cavidades leñosas, onde leva a cabo a súa metamorfose. Dito humus é produto da acción dos diferentes fungos con bioloxía ligada á madeira e que, polo xeral, se localizan tan só en diferentes especies caducifolias.

Existen traballos que constatan a depredación de larvas do xénero *Prionychus*, por larvas do coleóptero *Elater ferrugineus* L., 1758 (Col., Elateridae) entre o humus destas cavidades (MURRIA BELTRÁN & MURRIA BELTRÁN, 2001).

MATERIAL E MÉTODO

No caso que nos ocupa, os exemplares obxecto do noso estudo foron localizados de xeito casual e ao longo de varios días, na planta superior do edificio onde se atopa o museo da Sociedade Galega de Historia Natural, posiblemente provenientes dalgún resto leñoso dos que alí se atopan expostos.

A pesar de que a meirande parte dos exemplares de *P. fairmairii* apareceron mortos nas inmediacións das fiestras, posiblemente atraídos por la claridade, varios deles foron capturados vivos sobrevoando a sala expositiva.

RESULTADOS

A pesares de posiblemente provir os exemplares

genus, the authors carried out a more detailed study of its distribution on the Iberian Peninsula and in Morocco (SÁEZ BOLAÑO *et al.*, 2010), providing new records for Morocco.

Regarding the species in question, the presence of *P. fairmairii* is well known in France, Italy, Spain and Morocco (BLANCO VILLERO & SÁEZ BOLAÑO, 2011). However findings on the Iberian Peninsula are still very scarce: Albacete, Badajoz, Cádiz, Ciudad Real, Cuenca, Guadalajara, Huesca, Jaén, Toledo and Vizcaya (SAEZ BOLAÑO *et al.* 2010). In Portugal, we have found just one old bibliographic reference by Mangualde (Viseu, Dão-Lafões) (FUENTE, 1933).

As with the other species in this genus, *P. fairmairii* is notable for its interesting saproxylphagous ecology (PAGOLA CARTE, 2008) as it feeds on the litter and mould present in the tree hollows where it undergoes its metamorphosis. This mould is the product of the action of different fungi with biology linked to decay wood and is located exclusively in diverse deciduous species.

There are studies that confirm the predation of the larvae of the genus *Prionychus* by the coleopteran larvae *Elater ferrugineus* L., 1758 (Col., Elateridae) present in the mould in these cavities (MURRIA BELTRÁN & MURRIA BELTRÁN, 2001).

METHOD AND MATERIALS

Most of the specimens of *P. fairmairii* were found dead near the windows of the exhibition hall in the Galician Natural History Society museum, possibly having been attracted to the light. However, several specimens, possibly originating from one of the pieces of sectioned bole of trees exhibited there, were flying around the exhibition hall and were captured alive.

RESULT

Despite the fact that the specimens recorded in this study very probably come from woody debris, these records denote the first recorded finding of this species in Galicia, and therefore help to increase our knowledge of the chorology of this species.

28-V-2012. Ferrol, A Coruña. 29TNJ51. SGHN museum

de restos leñosos recollidos e preparados, cos rexistros expostos neste traballo sinalamos a súa primeira cita para Galicia, contribuíndo así, a aportar datos para o coñecemento corolóxico desta especie:

28-V-2012. Ferrol, A Coruña. 29TNJ51. Local do museo da SGHN. Un total de 6 exemplares.

Os exemplares citados neste traballo, atópanse depositados na Colección Entomolóxica do Museo da Sociedade Galega de Historia Natural.

DISCUSIÓN

É de salientar que de todas as especies arbóreas depositadas no museo, tan só dúas delas proceden de fóra de Galicia e non son caducifolias. Esas dúas especies son *Quercus suber* Linnaeus, 1753 (Plantae; Magnoliopsida; Fagaceae) e *Juniperus communis* Linnaeus, 1753 (Plantae; Pinales; Cupressaceae) e ningunha delas é caducifolia.

Chama a atención a coincidencia deste feito, similar ao descrito na etiqueta de captura dun exemplar doutra especie pertencente a este mesmo xénero: *Prionychus ater* (Fabricius, 1775) e que provén do Naturhistoriska Riksmuseet (Estocolmo, Suecia) onde se indica, tamén, a captura deste exemplar no interior do edificio dese museo (SAEZ BOLAÑO *et al.*, 2010).

AGRADECIMENTOS

Os autores queren amosar o seu agradecemento ao Profesor Pablo Bahillo de la Puebla, polo feito de ter confirmada a determinación do exemplar que lle foi enviado e a Dimitri Voulis, pola súa tradución ao inglés.

Ao mesmo tempo, os autores agradecen e dedican este traballo á memoria de Manuel Cortizas (1933-2015), colega e responsable no seu momento da colección de madeiras da SGHN, pola súa xenerosidade á hora de facilitar a inspección e obtención de novos exemplares, a partir dos restos leñosos que forman parte dos fondos do museo e que, a día de hoxe, se atopan alí depositados.

building. A total of 6 specimens.

The specimens referenced in this study are kept in the entomological collection at the Galician Natural History Society museum.

Discussion

It should be noted that of all the tree species kept at the museum, only two of them originate outside Galicia. These two species are *Quercus suber* Linnaeus, 1753 (Plantae; Magnoliopsida; Fagaceae) and *Juniperus communis* Linnaeus, 1753 (Plantae; Pinales; Cupressaceae) and neither is deciduous.

There is a striking coincidence between this occurrence and that which is described on the label of a specimen of another species belonging to this same genus: *Prionychus ater* (Fabricius, 1775), which came from the Naturhistoriska Riksmuseet (Stockholm, Sweden). The label states that that specimen was also found inside the museum building (SAEZ BOLAÑO *et al.*, 2010).

ACKNOWLEDGEMENTS

The authors would like to thank Professor Pablo Bahillo de la Puebla for identifying the specimen that was sent to him and to Dimitri Voulis, for your English translation.

The authors would also like to thank and dedicate this study to the memory of Manuel Cortizas (1933–2015), colleague and person in charge of the wood collection at the SGHN, for his generosity in facilitating the obtaining and inspection of new specimens from the sectioned bole of trees which forms a part of the museum's collection. These specimens are currently kept at the museum.

BIBLIOGRAFÍA

- BLANCO VILLERO, J.M. & SÁEZ BOLAÑO, J.A. 2011. Descripción de una nueva especie del género *Prionychus* Solier, 1835 de Marruecos y redescrición de *Prionychus anthracinus* (Mulsant, 1856) y *Prionychus lugens* (Küster, 1850) (Coleoptera, Tenebrionidae, Alleculinae). *Graellsia*, 67 (2): 175-185
- FUENTE, J.M. de la. 1933. Catálogo sistemático-geográfico de los Coleópteros observados en la península Ibérica, Pirineos propiamente dichos y Baleares. *Boletín de la Sociedad Entomológica Española*, 16: 109-111.
- FUENTE, J.M. de la. 1934. Catálogo sistemático-geográfico de los Coleópteros observados en la península Ibérica, Pirineos propiamente dichos y Baleares. *Boletín de la Sociedad Entomológica Española*, 17: 17-23.
- MURRIA BELTRÁN, F. & MURRIA BELTRÁN, Á. 2001. Presencia de *Elater ferrugineus* L., 1758 (Coleoptera, Elateridae) en Aragón. *Boletín de la Sociedad Entomológica Aragonesa (SEA)*, 28: 126.
- NOVÁK, V. & PETTERSSON, R. 2008. Subfamily Alleculinae (pp. 319-338) In: Löbl, I. & Smetana, A. (Eds.). 2008. *Catalogue of Palearctic Coleoptera*. Vol. 5: Tenebrionoidea. Stenstrup: Apollo Books. 670 pp.
- PAGOLA CARTE, S. 2008. Inventario y seguimiento de la entomofauna del hayedo de Oieleku (Oiartzun, Parque Natural de Aiako Arria) Campaña 2008. Informe técnico para la Diputación Foral de Guipúzcoa. Asociación Guipuzcoana de Entomología. 106 pp.
- SAEZ BOLAÑO, J.A.; BLANCO VILLERO, J.M.; BAHILLO DE LA PUEBLA, P. & LÓPEZ-COLÓN, J.I. 2010. Aportación a la corología del género *Prionychus* Solier, 1835 (Coleoptera: Tenebrionidae, Alleculinae) en España y Marruecos. *Boletín de la Sociedad Entomológica Aragonesa (SEA)*, 47: 229-234.